

carlos lópez

abrindo fiestras en carne viva


1º PREMIO XL EDICIÓN CERTAME LITERARIO



Concello de Vilalba

alvarellós
EDITORA

PRELUDIO DA FIESTRA




CREAR fiestras e imprimilas
na anatomía dos meus ollos,
flexibles atalaias de caracol.
Traer ao mesmo tempo as cousas,
distancialas,
dispoñelas en retículas ben trabadas
e despois
contemplalas na equívoca hora do solpor.
Finalmente agardar a que o bafo da noite
diga basta xa,
e trasladar o abasto da vixilia
a onde os soños operan.

[Primeiro poema do libro].



alvarellos.info

ISBN 978-84-89323-99-5



9 788489 323995



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
DEPUTACIÓN DE LUGO



Cultura

Libros do Sarela

ABRINDO FIESTRAS
EN CARNE VIVA



*ABRINDO FIESTRAS EN CARNE VIVA, de Carlos López
Fernández obtivo no ano 2014 o Primeiro Premio da XL Edición do
Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado
(presidente), Darío Villanueva Prieto, José Jesús Ramos Ledo,
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ
ABRINDO FIESTRAS
EN CARNE VIVA



Concello de Vialba

alvarelos
EDITORA



Líbros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2015
Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© Carlos López Fernández

Deseño e maquetación: Xacobe Neto [Alvarellos Editora]
Impreso en Tórculo

Depósito Legal C 1293-2015
ISBN 978-84-89323-99-5

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Para a miña filla Laura e o meu irmán Elías.

I
FIESTRAS DO CANTO

PRELUDIO DA FIESTRA

CREAR fiestras e imprimilas
na anatomía dos meus ollos,
flexibles atalaias de caracol.
Traer ao mesmo tempo as cousas,
distanciais,
dispoñelas en retículas ben trabadas
e despois
contemplalas na equívoca hora do solpor.
Finalmente agardar a que o bafo da noite
diga basta xa,
e trasladar o abasto da vixilia
a onde os soños operan.

XÉNESE

ANTES de abecedario o poema
era modulación,
axuste de ritmos,
era alma,
corazón,
punteiro na noite,
era concorrencia de ofrendas
no íntimo obradoiro das balanzas,
confrontación de materia prima
co patrocinio de sabedorías antigas.
Todo isto, agulla que esvara engorde
paso a paso
puntada a puntada
camiño do ensaio xeral.

A IDEA

PENSAMENTOS a revoar
coma aves de trazo estrito
ou bolboretas de rotas caprichosas
ao redor da miña mente.
Escóanse as horas e espero con degaro
esa idea que descenda en silencio
de aloia solitaria e pouse nestas mans
que a reclaman persistentes.

A MIÑA VOZ

SE eu atopara a miña voz,
levaríaa onda vós,
e entón...
falaríavos do barco que arriba sen peixe ao peirao,
e quizais das gaivotas que esgorxan pombas no chan,
explicaríavos por que hai beleza
na goldra crónica dos dedos esclerosos,
e os segredos das mans puras
centrifugando lixo coa complicidade da noite,
poñeríavos en garda contra a toxicidade
dos autos de gran potencia
e das bágoas dos banqueiros ao revisar os balances.
Despois calaría,
e cederíavos a voz.

A MUSA DA NOITE

CAERÁN os veos do día,
penetrarei na noite
e todo será claridade.
Sen fauces de cobras nin garfos,
nin diúrnas coitas de aves indefensas.
Só unha lúa aló no alto
e os seus grans de luz
pousando nos vagalumes
Veleiqué o sinal da maxia.
Só me compre unha cadeira luída,
unha fiestra aberta contra a galaxia inabarcable,
e un papel en branco
ao carón da miña man.